Nº	APELIDOS E NOME	DNI ANONIMIZADO
1	BARREIRO ABUÍN, CRISTINA	***4563**
2	GARCÍA DÍEZ, MARTA MARÍA	***2880**
3	MARTÍNEZ ANDRÉS, BÁRBARA	***9255**
4	VELASCO GARCÍA, JESÚS	***4424**
5	VIÑAS MAYO, RUBÉN	***9158**

2º.- Aprobado a listaxe provisional de persoas aspirantes admitidas na cota de reserva a persoas con capacidades diferentes que a continuación se relaciona:

Nº	APELIDOS E NOME	DNI ANONIMIZADO
1	CRECENTE GARCÍA, MARÍA JOSÉ	***5014**
2	MAAÑÓN ÁLVAREZ, FRANCISCO TOMÁS	***9293**
3	PÉREZ MARTÍNEZ, JUAN CARLOS	***2442**
4	SEIJAS CARREIRA, MARÍA PURIFICACIÓN	***6194**

3º.- Nomear as persoas membros do Tribunal cualificador que a continuación se sinalan, podendo actuar indistintamente titulares e suplentes:

**PRESIDENTE.-**

**Titular:** Don Xesús Arrizado Yáñez, técnico asesor de RRHH, adxunto ao xefe do Servizo de RRHH e Asistencia aos Concellos da Deputación de Lugo.

**Suplente:** Don Emilio Silva Otero, asesor técnico, no Servizo de Recursos Humanos e Asistencia aos Concellos da Deputación de Lugo.

**VOGAIS.-**

**Titular:** Dona Mercedes Lamela López, xefa do Servizo de Cultura e Turismo da Deputación de Lugo.

**Suplente:** Dona Aurelia Balseiro García, directora museo provincial da Rede Museística Provincial da Deputación de Lugo.

**Titular:** Dona Encarnación Lago González, xerente da Rede Museística Provincial da Deputación de Lugo.

**Suplente:** Dona Paula Salinas Somoza, axudante museo na Rede Museística Provincial da Deputación de Lugo.

**Titular:** Don Mario Vila López, técnico de xestión no Centro de Artesanía e Deseño da Deputación de Lugo.

**Suplente:** Don José Ángel Castro Fernández, encargado montaxe, conservación e mantemento Centrad, no Centro de Artesanía e Deseño da Deputación de Lugo.

**SECRETARIA/O:**

**Titular:** Dona Leticia Rodríguez Díaz, secretaria-interventora no Servizo de Asistencia Xurídica, Técnica e Económica aos Concellos da Deputación de Lugo.

**Suplente:** Don José Ferreiro Fernández, tesoureiro da Deputación de Lugo.

4º.- Citar as persoas que forman parte do Tribunal, para que comparezan o martes día 18 de abril de 2023 ás 12 horas e 30 minutos no Salón Verde da Deputación de Lugo para a súa constitución e posterior valoración de méritos das persoas aspirantes admitidas.

5º.- Ordenar a publicación da presente resolución no BOP, na web corporativa da Deputación de Lugo, no apartado Emprego Público (RRHH) e no taboleiro de anuncios da entidade.

Contra a resolución que aprobe a listaxe provisional, as persoas aspirantes disporán dun prazo de cinco (5) días, contados a partir do seguinte o da publicación no BOP, para presentar alegacións.

De non presentarse alegacións á listaxe provisional considerarase esta definitiva, sen necesidade de nova publicación.

De existir alegacións á listaxe provisional, estas serán estimadas ou desestimadas pola presidencia da entidade, a través dunha nova resolución coa listaxe completa de persoas admitidas e no seu caso excluídas, que deberá publicarse nos mesmos lugares que a listaxe provisional.

Publicada a listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas non se permitirá ningún cambio de cota.

Contra a listaxe definitiva poderase interpoñer con carácter potestativo, recurso de reposición, diante da presidencia da entidade no prazo dun mes dende o día seguinte o da publicación da listaxe definitiva no BOP (no suposto de haber alegacións), ou dende o día seguinte ao transcurso dos 5 días da publicación no BOP da listaxe provisional, ou ben recurso contencioso - administrativo diante do Xulgado Contencioso - Administrativo de Lugo no prazo de dous meses contados dende o día seguinte das datas antes mencionadas, sen prexuízo de que se interpoña calquera outro que se estime oportuno.

Cando as impugnacións teñan por causa a composición do Tribunal, rexeranse polo establecido nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

Non obstante, as persoas interesadas poderán presentar as alegacións que estimen convenientes para a súa consideración na resolución que poña fin ao procedemento conforme ao artigo 112.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas."

Polo anteriormente exposto e, en uso das facultades que lle confire a esta presidencia o artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, **RESOLVO:**

Prestar aprobación á proposta anteriormente transcrita en todas as súas partes.

Lugo, 22 de marzo de 2023.- O SECRETARIO XERAL, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 0864

### Anuncio

**PUBLICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA DE DATA 21 DE MARZO DE 2023 POLA QUE SE APROBA A LISTAXE PROVISIONAL DE PERSOAS ADMITIDAS, COMPOSICIÓN DO TRIBUNAL E DATAS DO PROCESO SELECTIVO PARA O INGRESO COMO PERSOAL LABORAL FIXO EN DÚAS (2) PRAZAS DENOMINADAS PEÓN/PEOA GRANXA, INCLUÍDAS NA OEP DO ANO 2022, NA TAXA ADICIONAL DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL Á QUE SE REFIRE A DISPOSICIÓN ADICIONAL 6ª DA LEI 20/2021, DO 28 DE DECEMBRO, POLO SISTEMA DE CONCURSO, ACCESO LIBRE.**

Tras ver a proposta da deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, a teor do seguinte texto:

"Por acordo da Xunta de Goberno de data 23.09.2022, apróbanse as bases xerais que regulan os procesos selectivos excepcionais que se convoquen para o ingreso en prazas de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo na Deputación de Lugo, incluídas na oferta de emprego público do ano 2022 - IC) - taxa adicional de estabilización de emprego temporal (disposición adicional 6ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro), cota xeral ou cota de reserva a persoas con capacidades diferentes, sistema de concurso, acceso libre.

Por acordo da Xunta de Goberno de data 23.09.2022, apróbase a convocatoria e bases específicas que rexerán, xunto coas bases xerais, o procedemento selectivo excepcional para o ingreso como persoal laboral fixo na Deputación de Lugo en dúas (2) prazas denominadas peón/peoa granxa, cota xeral, incluídas na oferta de emprego público (OPE) do ano 2022 (BOP núm. 120, do 27.05.2022) - apartado IC) - na taxa adicional de estabilización de emprego temporal, á que se refire a disposición adicional 6ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro, polo sistema de concurso, acceso libre.

As bases xerais, convocatoria e bases específicas publicanse, para cumprimento do sinalado na base xeral 3, no Boletín Oficial da Provincia (BOP) de Lugo núm. 241, do 21.10.2022, e na páxina web da Deputación de Lugo no apartado emprego público (RRHH) e no taboleiro de anuncios da entidade o 21.10.2022, publicándose extracto

da convocatoria e bases no Diario Oficial de Galicia (DOG) núm. 216, do 14.11.2022 e no Boletín Oficial do Estado (BOE) núm. 279, do 21.11.2022.

Rematado o prazo de presentación de instancias o día 01.12.2022, e para cumprimento do establecido nos puntos 6,7 e 9 das bases xerais, propónse á presidencia que, en uso das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, **RESOLVA**:

1º.- Aprobado a listaxe provisional de persoas aspirantes admitidas que a continuación se relacionan:

Nº	APELIDOS E NOME	DNI ANONIMIZADO
1	FERRO PENA, IVÁN JOSÉ	***3661**
2	GARCÍA RODRÍGUEZ, PABLO	***4835**
3	GONZÁLEZ VÁZQUEZ, HÉCTOR	***5627**

2º.- Nomear as persoas membros do Tribunal cualificador que a continuación se sinalan, podendo actuar indistintamente titulares e suplentes:

**PRESIDENTE/A.-**

**Titular:** Don Xesús Arrizado Yáñez, técnico asesor de RRHH, adxunto ao xefe do Servizo de RRHH e Asistencia aos Concellos da Deputación de Lugo.

**Suplente:** Dona Pilar Ferreiro Martínez, técnica de xestión na Sección de Administración de RRHH da Deputación de Lugo.

**VOGAIS.-**

**Titular:** Don Juan José Fernández Granda, enxeñeiro técnico agrícola no Servizo de Expropiacións e Control de Proxectos da Deputación de Lugo.

**Suplente:** Dona Ana María Abel Longarela, xefa do Servizo de Prevención de Riscos Laborais da Deputación de Lugo.

**Titular:** Dona Andrea Macho Benito, técnica de xestión medioambiental na Sección de Medioambiente da Deputación de Lugo.

**Suplente:** Dona Ana Belén Mera Árias, técnica superior edificacións e obras na Unidade de Proxectos da Deputación de Lugo.

**Titular:** Don Julio Pena Ares, maquinista granxa na Granxa Provincial da Deputación de Lugo.

**Suplente:** Don Pedro Núñez Trigo, maquinista granxa na Granxa Provincial da Deputación de Lugo.

**SECRETARIA/O:**

**Titular:** Dona Leticia Rodríguez Díaz, secretaria-interventora no Servizo de Asistencia Xurídica, Técnica e Económica aos Concellos da Deputación de Lugo.

**Suplente:** Don José Ferreiro Fernández, tesoureiro da Deputación de Lugo.

3º.- Citar as persoas que forman parte do Tribunal, para que comparezan o luns día 17 de abril de 2023, ás 12 horas, no Salón Verde da Deputación de Lugo para a súa constitución e posterior valoración de méritos das persoas aspirantes admitidas.

4º.- Ordenar a publicación da presente resolución no BOP, na web corporativa da Deputación de Lugo, no apartado Emprego Público (RRHH) e no taboleiro de anuncios da entidade.

Contra a resolución que aprobe a listaxe provisional, as persoas aspirantes disporán dun prazo de cinco (5) días, contados a partir do seguinte o da publicación no BOP, para presentar alegacións.

De non presentarse alegacións á listaxe provisional considerarase esta definitiva, sen necesidade de nova publicación.

De existir alegacións á listaxe provisional, estas serán estimadas ou desestimadas pola presidencia da entidade, a través dunha nova resolución coa listaxe completa de persoas admitidas e no seu caso excluídas, que deberá publicarse nos mesmos lugares que a listaxe provisional.

Contra a listaxe definitiva poderase interpoñer con carácter potestativo, recurso de reposición, diante da presidencia da entidade no prazo dun mes dende o día seguinte o da publicación da listaxe definitiva no BOP (no suposto de haber alegacións), ou dende o día seguinte ao transcurso dos 5 días da publicación no BOP da listaxe

*provisional, ou ben recurso contencioso - administrativo diante do Xulgado Contencioso - Administrativo de Lugo no prazo de dous meses contados dende o día seguinte das datas antes mencionadas, sen prexuízo de que se interpoña calquera outro que se estime oportuno.*

*Cando as impugnacións teñan por causa a composición do Tribunal, rexeranse polo establecido nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.*

*Non obstante, as persoas interesadas poderán presentar as alegacións que estimen convenientes para a súa consideración na resolución que poña fin ao procedemento conforme ao artigo 112.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas."*

Polo anteriormente exposto e, en uso das facultades que lle confire a esta presidencia o artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, **RESOLVO:**

Prestar aprobación á proposta anteriormente transcrita en todas as súas partes.

Lugo, 22 de marzo de 2023.- O SECRETARIO XERAL, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 0865

## MINISTERIO DE FACENDA

### BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCÍONS (BDNS) DEPUTACIÓN

#### Anuncio

#### EXTRACTO DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO EN SESIÓN CELEBRADA O DEZASETE DE MARZO DE DOUS MIL VINTE E TRES POLO QUE SE APROBAN AS BASES DA CONVOCATORIA, DO GASTO, E DOS ANEXOS DOS PREMIOS PARA DEPORTISTAS INDIVIDUAIS PARA O ANO 2023

BDNS (Identif.): 682846

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencións (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/682846>)

De conformidade co previsto nos artigos 17.3b e 20.8ª da Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo se pode consultar na Base de Datos Nacional de Subvencións

<http://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/ge/es/index>

#### Primeiro.- Beneficiarios:

Poderán ser beneficiarias dos premios da presente convocatoria as persoas físicas que sexan deportistas federados/as, de calquera categoría, e exclusivamente de modalidades deportivas individuais (excluíndose, por tanto os/as practicantes de disciplinas e modalidades de deportes de equipo, dobres, parellas, seleccións ou grupo, coordinadas ou sincronizadas, e nas que actúen simultaneamente máis dun/dunha integrante do mesmo equipo) de nacionalidade española ou residentes legais en España, que cumpran cos requisitos establecidos.

#### Segundo. Obxecto:

Constitúe o obxecto desta convocatoria a ordenación do procedemento aplicable para o outorgamento de premios para deportistas individuais da provincia de Lugo, anualidade 2023 de modalidades deportivas de carácter individual, excluíndose, por tanto, os/as practicantes de disciplinas e modalidades de deportes de equipo, dobres, parellas, seleccións ou grupo; coordinadas ou sincronizadas, e nas que actúen simultaneamente máis dun/dunha integrante do mesmo equipo.

Quedan así mesmo expresamente excluídos desta convocatoria os/as deportistas individuais da disciplina automobilismo, especialidade rally de asfalto, terra ou montana e vehículos históricos na anualidade 2023.

#### Terceiro. Bases reguladoras

A Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Lugo na web desta entidade local, en concreto na seguinte dirección, <http://www.deputacionlugo.gal/gl/a-deputacion/normativas-e-ordenanzas>

<http://www.deputacionlugo.gal/gl/a-deputacion/normativas-e-ordenanzas>

PREMIOS PARA DEPORTISTAS INDIVIDUAIS DA PROVINCIA DE LUGO PARA O ANO 2023

<http://www.deputacionlugo.gal/temas/deportes/home>

#### Cuarto. Contía e importe mínimo e máximo

A dotación orzamentaria total da presente convocatoria é de 99.950,00 €.

Os premios terán un importe máximo de 2.500,00 € e un importe mínimo de 300,00 € cada un deles.

**Quinto. Prazo de presentación de solicitudes**

Prazo para a presentación de solicitudes: 10 días hábiles a contar desde o día seguinte á publicación no BOP de Lugo do extracto da convocatoria.

LUGO, 17 DE MARZO DE 2023.- O PRESIDENTE, P. D. Decreto de data 26-07-2019 O DEPUTADO DELEGADO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA E SOCIAL, Pablo Rivera Capón.

R. 0831

---



Don José Antonio Mourelle Cillero, Secretario da Excma. Deputación Provincial de Lugo,

**CERTIFICO:** Que, segundo informe da Unidade de Rexistro Xeral, entre os días dous, e vinte e dous de marzo de dous mil vinte e tres, ambos os dous incluídos, non existe ningunha anotación nos rexistros de entrada presencial e telemático, salvo erro ou omisión, relativa á presentación de alegacións contra a aprobación inicial dos “Expediente de Modificación do Orzamento da Deputación 2023, vía Suplemento de Crédito”, e a “Proposta de modificación nos conceptos do anexo de subvencións nominativas do Orzamento da Deputación 2023”, acordadas polo Pleno en sesión ordinaria celebrada o día vinte e oito de febreiro de dous mil vinte e tres, e publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Lugo número corenta e nove de data un de marzo de dous mil vinte e tres.

Para que conste, expido a presente certificación, de Orde e co Visto e Prace do Ilmo. Sr. Presidente.

(documento asinado dixitalmente)

Vº. e Prace  
**O PRESIDENTE,**  
P.D. Decreto de data 26-07-2019  
**O DEPUTADO PROVINCIAL,**

Asdo: Pablo Rivera Capón

	IV7BGHTIGFBS4WHZQ4YGP5PX4E	Fecha y Hora	23/03/2023 13:27:05
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	PABLO RIVERA CAPÓN (PRESIDENTE)		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO (SECRETARIO XERAL)		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7BGHTIGFBS4WHZQ4YGP5PX4E">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7BGHTIGFBS4WHZQ4YGP5PX4E</a>	Página	1/1





### EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

#### INTERVENCIÓN

##### Anuncio

Aprobada inicialmente polo Pleno desta Corporación en sesión extraordinaria celebrada o día vinte e oito de febreiro de dous mil vinte e tres, a **"Proposta de modificación nos conceptos do anexo de subvencións nominativas do Orzamento da Deputación 2023"**, exponse ao público na Secretaría desta Entidade Provincial, por espazo de quince días, en cumprimento do disposto no artigo 169.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais; durante os cales admitiranse reclamacións e suxestións á mesma. Transcorrido dito prazo sen que se produzan reclamacións ou suxestións entenderase definitivamente aprobada.

Lugo, vinte e oito de febreiro de dous mil vinte e tres.- **O PRESIDENTE**, José Tomé Roca.- **O SECRETARIO**, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 0581

##### Anuncio

Aprobada inicialmente polo Pleno desta Corporación en sesión extraordinaria celebrada o día vinte e oito de febreiro de dous mil vinte e tres, a **"Modificación do Orzamento da Deputación 2023, vía Suplemento de Crédito"**, exponse ao público na Secretaría desta Entidade Provincial, por espazo de quince días, en cumprimento do disposto no artigo 169.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais; durante os cales admitiranse reclamacións e suxestións á mesma. Transcorrido dito prazo sen que se produzan reclamacións ou suxestións entenderase definitivamente aprobada.

Lugo, vinte e oito de febreiro de dous mil vinte e tres.- **O PRESIDENTE**, José Tomé Roca.- **O SECRETARIO**, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 0582

### SERVIZO DE RRHH E ASISTENCIA AOS CONCELLOS

##### Anuncio

**ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO DE DATA 17 DE FEBREIRO DE 2023 NA QUE SE APROBA A CONVOCATORIA E BASES ESPECÍFICAS PARA CONSTITUIR UNHA LISTAXE DE EMPREGO TEMPORAL PARA PRESTAR SERVIZOS EN PRAZAS/POSTOS/EMPREGOS DE TÉCNICO/A NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA.**

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o día 17 de febreiro de 2023 adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

*"Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:*

*Con ocasión da elaboración e aprobación dos orzamentos da nosa Entidade para o ano 2023, foi creada unha praza de Técnico de Normalización Lingüística coa finalidade de reforzar os efectivos desta especialidade, xa que os que actualmente ten no cadro de persoal están dedicados a outras funcións organizativas.*

*A Deputación Provincial de Lugo, coa finalidade de dar resposta máis áxil ás necesidades de nomeamento de persoal funcionario interino ou de contratación de persoal laboral temporal que se presenten para atender os requirimentos de efectivos que formulen os distintos servizos e unidades para poder desenvolver as súas actividades, ten articulado un sistema de Listaxes de Emprego Temporal que permiten o chamamento de efectivos cunha maior eficacia e aforro de tempo sen realizar en cada momento novos procesos selectivos*



*facendo compatible o principio de eficacia e celeridade cos principios constitucionais, de acceso ao emprego público, de igualdade, mérito e capacidade.*

*Atendendo á actual realidade da organización resulta necesario constituír unha listaxe de Técnico/a de Normalización Lingüística por si se establecese como necesario e urxente incorporar efectivos da dita especialidade.*

*Vistos os criterios polos que se rexe a incorporación de persoal para prestar servizos temporais na Deputación Provincial de Lugo, regulados polas resolucións da presidencia das seguintes datas: 29.09.2009 (BOP núm. 231, do 08.10.2009); 16.12.2011 (BOP núm. 294, do 26.12.2011) e 14.02.2019 (BOP núm. 039, do 15.02.2019).*

*Visto que neste momento non existen efectivos que podan incorporarse a prestar servizos, constatándose a necesidade de que a Entidade cree a citada listaxe para poder atender futuras incorporacións axilmente a incorporación de efectivos cando sexa precisa e estea xustificada a súa incorporación conforme ás esixencias da normativa vixente, en particular ás referidas no artigo 20.Cinco da Lei 31/2022, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2023, proponse á Xunta de Goberno para que, segundo as facultades que lle confire artigo 59.5 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo (publicado do BOP núm. 202, do 03.09.2020), **ACORDE:***

*1º Aprobar a convocatoria do procedemento selectivo para a creación da listaxe de emprego temporal de Técnico/a de Normalización Lingüística, grupo A - subgrupo A1, para xestionar de xeito áxil as necesidades deste tipo de persoal e poder efectuar nomeamentos ou contratacións de persoal interino/a polas causas reguladas no art. 10.1 da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público ou no seu caso, polo artigo 15 do Estatuto dos Traballadores.*

*2º Que a presente convocatoria se rexa polas bases xerais polas que se establecen as normas para a selección de persoal, con carácter temporal, para prestar servizos na Deputación Provincial de Lugo (cota xeral ou cota de discapacitados), publicadas no Boletín Oficial da Provincia nº 079, de 6 de abril de 2020.*

*3º Aprobar as bases específicas, que complementarán as bases xerais, que rexeran o procedemento selectivo para a creación da listaxe de emprego temporal da praza sinalada no apartado primeiro.*

*4º Convocar publicamente a quen, cumprindo os requisitos enumerados nas bases xerais e específicas, desexe participar no correspondente procedemento selectivo.*

*5º Ordenar a publicación da presente convocatoria e bases específicas no Boletín Oficial da Provincia e nos lugares determinados nas bases xerais.*

*6º Realizar cantos trámites sexan necesarios para levar a cabo o correspondente procedemento selectivo.*

*A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.”*

Contra o presente acordo, que pon fin a vía administrativa, poderase interpoñer con carácter potestativo, recurso de reposición, diante da Xunta de Goberno no prazo dun mes contado a partir do día seguinte o da publicación deste acordo no BOP ou ben recurso contencioso-administrativo diante do Xulgado Contencioso-Administrativo de Lugo no prazo de dous meses contados dende o día seguinte da citada publicación ,sen prexuízo de que se interpoña calquera outra que se estime oportuno.

#### **BASES ESPECÍFICAS QUE REXERÁN O CONCURSO - OPOSICIÓN AO OBXECTO DE CONSTITUÍR UNHA LISTAXE DE EMPREGO TEMPORAL PARA PRESTAR SERVIZOS EN PRAZAS/POSTOS/EMPREGOS DE TÉCNICO/A NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA.**

##### **1. OBXECTO DAS BASES ESPECÍFICAS:**

O obxecto das presentes bases é complementar as Bases Xerais polas que se establecen as normas para a elaboración de listaxes para prestación de servizos de carácter temporal na Deputación Provincial de Lugo (cota xeral ou cota de persoas con discapacidade).

##### **2. CARACTERÍSTICAS DAS PRAZAS/POSTOS/EMPREGOS DA LISTAXE QUE SE CONVOCA:**

DENOMINACIÓN	GRUPO	SUBGRUPO	ADSCRICIÓN	RETRIBUCIÓN
TÉCNICO/A NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA	A	A1	Ás distintas Unidades Administrativas, que requiran das ditas funcións especializadas, unha vez motivada a preceptiva necesidade urxente e inaprazable da incorporación.	As retribucións a percibir serán as correspondentes á praza A-1 e a o posto de nivel de entrada.

### 3. COMETIDO FUNCIONAL:

En canto ao contido funcional da praza/posto/emprego que se convoca será o sinalado na vixente Relación de Postos de Traballo ou, se é o caso, disposición que a substitúa.

En ausencia dos anteriores instrumentos, os ocupantes realizarán as funcións que lles sexan atribuídas por calquera outra norma ou polo correspondente superior xerárquico.

### 4. REQUISITOS QUE DEBEN CUMPRIR AS PERSOAS ASPIRANTES PARA SER ADMITIDAS AO PROCESO SELECTIVO:

Ademais do sinalado na base xeral 4, as persoas aspirantes deberán estar en posesión dalgunha das seguintes titulacións académicas, de acordo co artigo 76 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público:

Licenciatura en Filoloxía galega; Licenciatura en Filoloxía hispánica (con habilitación de galego); Licenciatura en Filosofía e Letras (sección Filoloxía hispánica, subsección galego- portugués); Grado Universitario en Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios (galego e español); Grado Universitario de Estudos de Galego e Español; Grado Universitario en Galego e Portugués: estudos Lingüísticos e Literarios; ou Grado Universitario en Lingua e Literatura Galegas.

### 5. NIVEL DE GALEGO ESIXIDO:

CELGA 5.

### 6. PROGRAMA:

#### A) MATERIAS COMÚNS.

1. A Constitución Española de 1978, principios xerais. Os dereitos e deberes fundamentais. A Coroa. As Cortes Xerais. O Goberno e a Administración Pública. O Poder Xudicial.
2. A organización Territorial do Estado. Distribución constitucional de competencias entre o Estado e as Comunidades Autónomas. O Estatuto de Autonomía de Galicia: estrutura e contido. As competencias da comunidade autónoma de Galicia.
3. O Réxime Local Español. Principios constitucionais. Regulación xurídica. O Municipio. A organización municipal. Competencias municipais. A Provincia. Organización Provincial. Competencias provinciais.
4. O Dereito Administrativo. As fontes de dereito administrativo. A potestade regulamentaria na esfera local: ordenanzas, regulamentos e bandos.
5. O procedemento administrativo común. Fases do procedemento administrativo común: Iniciación, ordenación, instrución, finalización e execución. Recursos contra os actos administrativos.
6. As persoas interesadas. Dereitos da cidadanía nas súas relación coas administracións públicas. O acceso electrónico da cidadanía aos servizos públicos. Rexistros, comunicación e notificacións. A xestión electrónica dos procedementos. A protección de datos de carácter persoal. Principios informadores e dereitos das persoas en materia de protección de datos.
7. Os contratos do sector público. Clases. Preparación, adxudicación e formalización. Execución e modificación. Extinción.
8. As Facendas Locais. Os tributos locais. As Ordenanzas Fiscais: procedemento de elaboración e aprobación.
9. O persoal ao servizo da administración local. Clases. Adquisición e perda da relación de servizo. Dereitos e deberes dos empregados públicos. Réxime de incompatibilidades. Réxime disciplinario.

#### B) MATERIA ESPECÍFICAS.

10. Orixe do galego. As linguas de substrato, a romanización e as linguas de superestrato.
11. A lingua galega na Idade Media. A lingua galega nos Séculos escuros. A situación da lingua galega desde o rexurdimento á Guerra Civil.
12. A situación da lingua galega desde a Guerra Civil ao 1978. A situación da lingua galega desde a oficialidade ata o momento actual. O galego hoxe, o estándar. Proceso de estandarización da lingua galega.
13. Situación lingüística de Europa e do mundo: plurilingüismo e multilingüismo. Linguas minorizadas e minorías lingüísticas en Europa e en España.
14. A diversidade plurilingüe e pluricultural de España. Situación sociolingüística do idioma galego: bilingüismo, diglosia e conflito lingüístico.
15. Situación sociolingüística de Galicia: lealdade lingüística, cambio lingüístico, prestixio e promoción social da lingua galega. Usos e actitudes lingüísticas. Competencia lingüística e lingua inicial.

16. A lingua galega na Comunidade Autónoma de Galicia. Normalización e normativización da lingua galega.
17. Lexislación lingüística. A Constitución española e o Estatuto de autonomía de Galicia.
18. A Lei de normalización lingüística. O Plan de normalización da lingua galega.
19. Dereitos e deberes lingüísticos. Lexislación lingüística. Política lingüística e planificación lingüística. Definición e obxectivos.
20. Dinamización lingüística e normalización da lingua galega. Definición e obxectivos. Criterios para elaborar un plan de normalización lingüística para a Administración Local e en concreto para as deputacións provinciais.
21. Os servizos de normalización lingüística. Organización, funcións, medios, recursos e medidas. Dinamización lingüística e promoción da lingua galega desde un servizo de normalización lingüística.
22. Actores da política lingüística: institucións, organismos públicos e privados, organizacións sociais e individuais. Intervención e participación.
23. Os medios de comunicación e as novas tecnoloxías da información e da comunicación: incidencia no proceso normalizador. Cine, música, teatro, pintura, arquitectura, relixión... A súa incidencia no proceso normalizador.
24. A gramática; tipos de gramática e termos gramaticais.
25. A gramática do texto. O texto e as súas propiedades.
26. Fonoloxía, fonética e ortografía da lingua galega. Os fonemas do galego e os trazos distintivos.
27. O sistema vocálico da lingua galega. O sistema consonántico da lingua galega.
28. A sílaba. O acento e a entoación. O acento diacrítico. O artigo, o demostrativo e o posesivo. Os indefinidos e os numerais. As indicacións de lugar, de tempo, das datas, de cantidade. As indicacións de pesos e medidas.
29. O substantivo. Xénero e número. O adxectivo. Clases e graos.
30. Os relativos, interrogativos e exclamativos. O pronome persoal tónico e o tratamento persoal.
31. O pronome persoal átono. O dativo de solidariedade e o dativo de interese. A colocación do pronome na oración.
32. O verbo. Conxugacións. Os verbos regulares e semiregulares. Os verbos irregulares. Valores dos modos e tempos verbais. As formas non finitas do verbo: o infinitivo, o xerundio e o participio.
33. As perífrases verbais. Estrutura e tipos. O adverbio. Clases.
34. A preposición. Formas e usos das preposicións e das locucións prepositivas. A conxunción e as locucións conxuntivas. A interxección.
35. Unidades sintácticas: o texto, a oración e o enunciado. O enunciado e a frase. Tipos de frases e enunciados. A frase e tipos. Os elementos constituíntes dunha oración e funcións sintácticas.
36. Unidades sintácticas: tipos de oracións segundo o predicado. As oracións simples e constituíntes.
37. As oracións compostas. Tipos. As oracións coordinadas. Tipos. As oracións subordinadas. Tipos.
38. A semántica: campos semánticos e familias léxicas. Os cultismos, semicultismos e palabras patrimoniais. Relacións semánticas: sinonimia, antonimia, homonimia e polisemia. Os cambios semánticos, tabús e eufemismos.
39. A lexicoloxía. A palabra e os seus constituíntes. Mecanismos de creación de palabras: derivación, composición e parasíntese. Préstamos, neoloxismos, siglas e acrónimos.
40. A terminoloxía en Galicia. Principios básicos do traballo terminolóxico e ferramenta de normalización lingüística. As gramáticas e os dicionarios galegos. Tipos de dicionarios e usos. Problemas na utilización de dicionarios.
41. Unidade e variedades da lingua galega. Variedades xeográficas ou dialectais da lingua galega.
42. Interferencias lingüísticas na lingua galega: vulgarismos, dialectalismos, hipergaleguismos e lusismos; castellanismos fonético-fonolóxicos, morfosintácticos e léxico-semánticos.
43. Os tecnoletos e a linguaxe administrativa.
44. Propostas de renovación e de modernización da linguaxe administrativa.
45. Técnicas de redacción e estilo administrativo. Tipos de textos.

Pazo Provincial, 23 de febreiro de 2023; O secretario xeral, José Antonio Mourelle Cillero.

**GOBERNO DE ESPAÑA**  
**SUBDELEGACIÓN DO GOBERNO EN LUGO**

*Anuncio*

De conformidad con lo dispuesto en el artículo 14-2 del Real Decreto 605/1999 de 16 de abril, de regulación complementaria de los procesos electorales, se hace pública la relación de municipios de esta provincia, con indicación del número de concejales que les corresponde, de acuerdo con la escala establecida en el artículo 179.1 de la Ley Orgánica 5/1985, de 19 de junio, del Régimen Electoral General, en adelante LOREG.

Partido Judicial Electoral	Código	Municipio	Población a 1-1-2022	Número concejales EM 2023
Mondoñedo	001	Abadín	2.259	11
Mondoñedo	002	Alfoz	1.585	9
Mondoñedo	005	Barreiros	3.020	11
Mondoñedo	902	Burela	9.430	13
Mondoñedo	013	Cervo	4.192	11
Mondoñedo	019	Foz	10.118	17
Mondoñedo	027	Lourenzá	2.115	11
Mondoñedo	030	Mondoñedo	3.503	11
Mondoñedo	038	Ouroi	999	7
Mondoñedo	044	Pastoriza (A)	2.879	11
Mondoñedo	048	Pontenova (A)	2.191	11
Mondoñedo	051	Ribadeo	9.811	13
Mondoñedo	054	Riotorto	1.187	9
Mondoñedo	061	Trabada	1.107	9
Mondoñedo	063	Valadouro (O)	1.938	9
Mondoñedo	064	Vicedo (O)	1.665	9
Mondoñedo	066	Viveiro	15.231	17
Mondoñedo	025	Xove	3.352	11
<b>Total Mondoñedo</b>			<b>76.582</b>	<b>200</b>
Chantada	003	Antas de Ulla	1.918	9
Chantada	009	Carballedo	2.065	11
Chantada	016	Chantada	8.083	13
Chantada	032	Monterroso	3.585	11
Chantada	040	Palas de Rei	3.319	11

Chantada	049	Portomarín	1.352	9
Chantada	060	Taboada	2.646	11
<b>Total Chantada</b>			<b>22.968</b>	<b>75</b>
Lugo	901	Baralla	2.436	11
Lugo	006	Becerreá	2.755	11
Lugo	010	Castro de Rei	5.033	13
Lugo	011	Castroverde	2.592	11
Lugo	012	Cervantes	1.250	9
Lugo	014	Corgo (O)	3.429	11
Lugo	020	Friol	3.627	11
Lugo	023	Guntín	2.627	11
Lugo	024	Incio (O)	1.536	9
Lugo	026	Láncara	2.501	11
Lugo	028	Lugo	97.211	25
Lugo	029	Meira	1.742	9
Lugo	037	Nogais (As)	991	7
Lugo	039	Outeiro de Rei	5.296	13
Lugo	042	Paradela	1.683	9
Lugo	043	Páramo (O)	1.322	9
Lugo	045	Pedrafita do Cebreiro	936	7
Lugo	046	Pol	1.612	9
Lugo	056	Rábade	1.503	9
Lugo	055	Samos	1.202	9
Lugo	057	Sarria	13.214	17
Lugo	062	Triacastela	629	7
<b>Total Lugo</b>			<b>155.127</b>	<b>238</b>
Vilalba	007	Begonte	2.951	11
Vilalba	015	Cospeito	4.342	11
Vilalba	022	Guitiriz	5.328	13
Vilalba	033	Muras	606	7

Vilalba	065	Vilalba	13.881	17
Vilalba	021	Xermade	1.768	9
<b>Total Vilalba</b>			<b>28.876</b>	<b>68</b>
Monforte de Lemos	008	Bóveda	1.414	9
Monforte de Lemos	017	Folgozo Do Courel	985	7
Monforte de Lemos	031	Monforte de Lemos	18.081	17
Monforte de Lemos	041	Pantón	2.435	11
Monforte de Lemos	047	Pobra do Brollón (A)	1.551	9
Monforte de Lemos	050	Quiroga	3.125	11
Monforte de Lemos	052	Ribas de Sil	937	7
Monforte de Lemos	058	Saviñao (O)	3.547	11
Monforte de Lemos	059	Sober	2.213	11
<b>Total Monforte de Lemos</b>			<b>34.288</b>	<b>93</b>
Fonsagrada (A)	004	Baleira	1.158	9
Fonsagrada (A)	018	Fonsagrada (A)	3.265	11
Fonsagrada (A)	034	Navia de Suarna	997	7
Fonsagrada (A)	035	Negueira de Muñiz	228	5
Fonsagrada (A)	053	Ribeira de Piquín	500	7
<b>Total Fonsagrada (A)</b>			<b>6.148</b>	<b>39</b>
<b>Total provincial</b>			<b>323.989</b>	<b>713</b>

En el municipio de Negueira de Muñiz concurren las circunstancias previstas en el art. 184 de la LOREG.

Las Corporaciones Locales interesadas, los partidos políticos y los particulares dispondrán de un plazo improrrogable de siete días naturales para presentar reclamaciones sobre el número de concejales o vocales asignados ante la Delegación Provincial del Instituto Nacional de Estadística, que las instruirá, tramitará y elevará propuesta de resolución a esta Subdelegación del Gobierno.

En ningún caso las reclamaciones podrán versar sobre las cifras oficiales de población de los municipios españoles aprobadas por el Gobierno.

Lugo, 15 de febrero de 2023.- LA SUBDELEGADA DEL GOBIERNO, María Isabel Rodríguez López.

R. 0485

**CONCELLOS****BÓVEDA***Anuncio*

En cumprimento do artigo 70.2 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, faise público que, de acordo co artigo citado e co artigo 91 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, mediante Resolución da Alcaldía núm. 2023-0105, de data 24 de febreiro de 2023, aprobouse a Oferta de Emprego Público do Concello de Bóveda para o ano 2023, que comprende unha praza de funcionario de carreira, dotada orzamentariamente, e que se relaciona a continuación:

Núm. vacantes	Denominación	Escala/Subescala	Grupo	Tipo de persoal	Sistema de acceso
1	Administrativo/a - Adxunto á Secretaría	Escala de Administración xeral	C1	Funcionario de Carreira	Concurso - oposición libre

Bóveda, a 24 de febreiro do 2023.- O Alcalde, José Manuel Arias López.

R. 0544

**GUITIRIZ***Anuncio***BASES PARA A SELECCIÓN DE 1 PEÓN DE SERVIZOS MÚLTIPLES COMO PERSOAL LABORAL FIXO MEDIANTE OPOSICIÓN LIBRE (OEP 2022).EXPTE: 956/2022****PRIMEIRA.- OBXECTO DA CONVOCATORIA**

As presentes Bases e convocatoria teñen por obxecto a selección de 1 peón de servizos múltiples como persoal laboral fixo mediante oposición libre, en execución da OEP do 2022.

O réxime de contratación laboral será o contrato fixo regulado no artigo 15 do Real Decreto Legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores (TRET).

A presente convocatoria e bases serán obxecto de publicación no BOP de Lugo, no taboleiro de anuncios, na páxina web municipal (concellodeguitiriz.com) e na sede electrónica do Concello de Guitiriz (guitiriz.sedelectronica.gal). O anuncio de aprobación das bases será publicado no DOG e no BOE, e o prazo de presentación de solicitudes será de vinte (20) días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación da convocatoria no BOE.

O resto de actos do proceso selectivo que deban ser obxecto de publicidade serán publicados unicamente no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do Concello de Guitiriz.

**SEGUNDA.- CARACTERÍSTICAS E FUNCIONS DOS POSTOS DE TRABALLO**

As características e funcións do posto de traballo de peón de servizos múltiples serán as establecidas na ficha nº21 da RPT do Concello de Guitiriz (código 76), que son as seguintes:

- Características esenciais: Persoal laboral fixo da Corporación Municipal.
- Grupo (Equivalencia): C2
- Formación específica: No, Carne conducir tipo C
- Forma de provisión: Oposición libre/Concurso-oposición
- Retribucións integras anuais: 23969,95 ( actualizado 2023, sen trienios)
- Adscrición: Sección de Urbanismo, M.A. e Infraestruturas, Servicio de Medio Ambiente e Infraestruturas, Unidade de Infraestruturas e Unidade de Medio Ambiente.
- Principais funcións do posto:

Xerais:

- Funcións propias do posto: Cumprimento de instrucións e directrices do Responsable de Servizo; procurar que os traballos que se lle encomenden sexan realizados con celeridade.

-Substitución doutros postos de categorías similares durante ausencias, permisos ou vacacións de acordo cos calendarios de traballo de cada sección ou servizo.

-Outras funcións expresamente encomendadas pola alcaldía circunstancialmente ou por necesidades do servizo, que sexan adecuadas á categoría do posto aínda que non sexan especificamente propias do posto de traballo (artigo 73.2 do EBEP).

Específicas do posto:

-Reparación, mantemento e conservación de inmobles, instalacións e infraestruturas municipais (edificios, vías públicas, instalacións deportivas, etc...), con realización de tarefas propias de albañilería, fontanería, pintura, etc...

-Operario-condutor do servizo de auga potable e rede de sumidoiros, recollida de residuos e limpeza viaria (contedores, papeleiras, etc...)

-Tarefas propias do servizo de limpeza e mantemento de espazos públicos, vías públicas, camiños, roteiros de sendeirismo, zonas verdes, parques, xardíns, instalacións deportivas.

-Realizar as tarefas que lle encomende a Alcaldía, no exercicio dos seus funcións, referidas aos diferentes servizos municipais e acordes ao seu cualificación.

### **TERCEIRA.- REQUISITOS DOS ASPIRANTES**

Para tomar parte no proceso selectivo será necesario cumprir os requisitos seguintes:

- Idade: ter cumpridos os dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- Nacionalidade: ser de nacionalidade española ou de nacionalidade dalgún dos demais estados aos que se refire e nas condicións que establece o artigo 57 do TREBEP.
- Capacidade: non padecer enfermidade nin estar afectado/a por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das correspondentes funcións. As persoas con discapacidade deberán aportar certificación do correspondente organismo e solicitar na instancia as adaptacións e axustes razoables de tempo ou medios para as probas do proceso selectivo.
- Habilitación: non estar separado/a do servizo de ningunha Administración Pública en virtude de expediente disciplinario nin atoparse inhabilitado/a por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas. Os/as aspirantes que non tiveran a nacionalidade española deberán acreditar, igualmente, non estar sometidos/as a sanción disciplinaria ou condena penal que impida, no seu Estado, o acceso á función pública.
- Titulación: Graduado Escolar, Bacharelato Elemental, Ensinanza Secundaria Obrigatoria, Formación Profesional de primeiro grado ou equivalente.
- Requisito específico: posuír o carné de conducir C e estar en posesión do CAP.
- Posuír a capacidade funcional para o desempeño das correspondentes funcións.

Todos os requisitos relacionados con anterioridade posuíranse polo/a aspirante no momento de rematar o prazo de presentación de instancias, debendo de continuar en posesión dos mesmos ata o momento da contratación como persoal laboral fixo.

### **CUARTA.- INSTANCIAS**

#### **4.1.- Modelo de solicitude.**

Quen desexe tomar parte no proceso para a selección do posto deberá cumprimentar a solicitude de participación no modelo oficial de instancia (ANEXO I) que estará a disposición das persoas interesadas nas dependencias administrativas (servizo de rexistro) e na paxina web do Concello de Guitiriz ([www.concellodeguitiriz.com](http://www.concellodeguitiriz.com)).

Dita instancia dirixirse á Sra. Alcaldesa-Presidenta do Concello de Guitiriz, farase constar que reúne todos os requisitos esixidos na base terceira da convocatoria e acompañaranse obrigatoriamente os seguintes documentos:

- Copia do D.N.I. en vigor do/a aspirante.
- Xustificante de pago da taxa de participación.
- Xustificante da titulación esixida .
- No seu caso, certificación do correspondente organismo que acredite a discapacidade en base á cal solicita as adaptacións de tempo ou medios das probas do proceso. Cursada tal solicitude, o Tribunal actuará de conformidade co previsto na Orde PRE/1822/2006, do 9 de xuño, pola que se establecen criterios xerais para a adaptación de tempos adicionais nos procesos selectivos para o acceso ao emprego público de persoas con discapacidade.

#### **4.2.- Taxa de participación.**

As taxas de participación no proceso serán abonadas mediante transferencia bancaria:



- Número de conta do Concello: ABANCA ES20/2080/0122/4631/1000/0022.
- Importe: 12€ (conforme á Ordenanza fiscal núm.4 BOP Lugo 7/01/2008).
- Concepto a sinalar: “Taxas p. selectivo 1 peón SM” e o DNI do/a aspirante.

#### **4.3. – Prazo de presentación.**

